



Liga galega orientación en BTT 2013

2ª Proba: O-BM Casa Sixto

17/11/2013

REGULAMENTACIÓN IMPORTANTE A LEMBRAR POLO CORREDOR

- Baixo ningún concepto se debe tirar ningún xel, barrita, plástico, papel aluminio, ... ó monte. O monte ten que quedar cos mesmos elementos que se atopaban antes de iniciarse a carreira.
- O quencemento antes da carreira farase dentro da área habilitada para o mesmo, (na secretaría teredes o mapa de quencemento) ninguén poderá abandonar esta área, xa que se pode atopar con algún dos puntos de control (baliza) e polo tanto serlle máis fácil de atopar en carreira. Outro motivo é que tamén pode chegar a entorpecer a carreira doutros competidores. Se se detecta a alguén incumprindo esta norma será automaticamente descalificado.
- Durante a carreira unicamente se poderá circular polos camiños e sendeiros que se atopan debuxados no mapa, non podendo atallar atravesando campos, montes, ... (esta é unha norma que se atopa na regulamentación O-BM da FEDO. Por este motivo, aquel que sexa visto por calquer membro da organización incumprindo a devandita norma será descalificado automaticamente. Así mesmo se calquer participante observara a outro corredor facendo o mesmo poderá denunciar tal circunstancia ante a organización.
- Se algún corredor decide voltar á meta porque non é capaz de completar o percorrido por calqueira circunstancia debe pasar igualmente pola meta e descargar a súa tarxeta (temos que comprobar que non queda ninguén perdido no monte). Lóxicamente salvo causa de forza maior.
- É recomendable levar un teléfono móbil por se sufriramos algún percance durante o percorrido. O teléfono para emerxencias é o de Jose Balseiro 657 75 28 49. O mellor é que o grabedes en AAObmEmerxencias, así o atoparedes de primeiro na lista de contactos.
- Obrigatorio uso de casco ríxido e homologado e un kit de reparacións para a bicicleta de montaña.
- A organización poderá realizar revisión de material obrigatorio e prohibir a saída dos corredores que non cumplan os requisitos de seguridade.
- Unicamente se pode recibir asistencia de outros corredores que están en competición.
- Admitiranse tamén todo tipo de aparatos de medida de distancias, excepto GPS.
- É obrigatorio realiza-lo percorrido na orde indicada no mapa.
- A tarxeta SportIdent debe de ir unida á bicicleta por medio de cordel, goma ou Yo-yo.

- En todo momento o corredor estará en contacto coa bicicleta.
- Para a realización do percorrido, o competidor só pode contar coa axuda dunha brúxula, ademáis do mapa aportado pola Organización.
- Algúns percorridos cruzan algunha estrada asfaltada aínda que soportan escaso tráfico son puntos perigosos do percorrido e convén extremar a precaución ó cruzalos.
- Na estrada e nalgúns camiños podemos atopar con outros vehículos polo que é obrigatorio respetar as normas de circulación.
- Os corredores que queiran superar a outro corredor que leva unha velocidade máis lenta o avisará con educación (paso pola túa dereita, esquerda, ...) e o corredor de diante estará obrigado a cederlle o paso cortesmente.
- Cando algún corredor, sobre todo debido á súa inexperiencia, e maiormente en categorías de iniciación, se xunte con outros corredores para intentar seguir ó percorrido sobre o mapa, han de procurar facelo sen ocupar todo o ancho do camiño ou estrada e como moito facendo grupos de dúas persoas para de esta forma non entorpecer a marcha dos outros competidores máis experimentados.
- É obrigatorio atender ás indicacións do persoal da organización.
- Haberá persoal habilitado da organización o longo dos percorridos velando por que se cumpran estas normas.